



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

TITULACIÓN DE MESTRE
Especialidade de Audición e Linguaxe

PLANO DO PRACTICUM I (2º curso) e
PRACTICUM II (3º curso)

Aprobado na Reunión Extraordinaria da Xunta da Facultade de Ciencias da Educación
do día 30 de Xuño de 1997

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2
1.- FUNCIONES DO PRACTICUM.....	2
2.- COMPOÑENTE CURRICULAR.....	3
2.1.- Principios.....	3
2.2.- Finalidades	3
2.2.1.- Finalidades de carácter xeral.	4
2.2.2.- Finalidades de carácter específico.....	4
2.3.- Fases	4
2.4.- Actividades.....	5
2.5.- Avaliación	5
2.5.1.- Garantías e dereitos do alumnado.	5
3.- COMPOÑENTE ORGANIZATIVO E FUNCIONS.....	6
3.1.- Organización de Practicum	6
3.2.- Funcions dos compoñentes do Practicum	8
4.- PRACTICUM I	9
4.1.- Finalidades	9
4.2.- Temporalización.....	9
4.3.- Actividades.....	10
4.4.- Avaliación	11
5.- PRACTICUM II. ESPECIALIDADE DE AUDICIÓN E LINGUAXE.....	11
5.1.- Finalidades	11
5.2.- Temporalización.....	12
5.3. Actividades	12
5.4.- Avaliación	13

INTRODUCCIÓN

O Practicum ocupa un lugar destacado naquelas titulacións e programas nas que se reconece a necesidade de ofrecer unha formación na que se combinen os compoñentes teóricos e prácticos e, sobre todo, na que se considere que a aprendizaxe práctica é fundamental para acadar un perfil profesional axeitado.

Na publicación dos Plans de Estudos das titulacións de Mestre/a (B.O.E. de 24 de abril de 1995) aparece recollido como materia troncal o Practicum, cun total de 32 créditos, e organizada en dúas asignaturas, Practicum I e Practicum II, nos cursos 2º e 3º e con 6 e 26 créditos, respectivamente.

Na descrición do contido desta materia sinálase:

"Conjunto integrado de Prácticas de iniciación docente en el aula a realizar en los correspondientes niveles del sistema educativo. Las prácticas deberán proporcionar asimismo el conocimiento del sistema escolar a través del conocimiento del Centro concreto como unidad organizativa en sus distintas dimensiones y funciones así como de la Comunidad Educativa".

A consideración como materia troncal e o elevado número de créditos dedicados (máis do 15% do total da titulación), parecen reforzar a importancia do Practicum de cara á formación dos futuros mestres e mestras.

Polo tanto, e tendo en conta estas características, compre abordar a organización deste compoñente formativo, establecendo aquelas consideracións, principios e criterios que poidan resultar de utilidade e orientación para o desenvolvemento do Practicum das titulacións de Mestre/a, nas especialidades de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Física e Audición e Linguaxe, e tanto para as alumnas e alumnos como para as titoras e titores da Facultade de Ciencias da Educación e o profesorado titor dos Centros escolares.

A intención deste documento será establecer os distintos elementos que han de caracterizar o Practicum das Titulacións de Mestre, nas distintas especialidades, da Universidade da Coruña.

1.- FUNCIONES DO PRACTICUM

Parece conveniente plantexar un plan integrado no que se estableza unha relación bidireccional, dialéctica e de interrelación mutua entre as aprendizaxes teóricas e prácticas e na confluencia dos contidos correspondentes a cada unha das áreas implicadas.

Asumindo esta visión integrada de tódolos compoñentes formativos que conforman o plano de estudos, poderíanse establecer coma funcións do Practicum as seguintes:

1) Entrar en contacto cos escenarios e situacións reais nas que acontece o desempeño profesional das mestres e mestres, de xeito que se potencie a formación do alumnado e

se facilite a adquisición dos coñecementos, destrezas e habilidades necesarias para a súa aprendizaxe profesional.

2) Iniciarse na planificación, desenvolvemento e avaliación das tarefas que realiza o profesorado, de xeito que se fomenten os procesos de interacción teórica-práctica derivados da observación-acción-reflexión sobre os problemas prácticos.

2.- COMPOÑENTE CURRICULAR

Consideraranse neste apartado os principios, finalidades e contidos a desenvolver, así como as estratexias e actividades formativas e a avaliación.

2.1.- Principios

Entre os principios que deberían orientar a realización do Practicum pódense citar:

- No Practicum o alumnado debe ter a posibilidade de observar e analizar os contextos nos que pode desenvolver o seu traballo no futuro, de xeito que poda conseguir un coñecemento vivencial da realidade educativa nos seus diversos ámbitos.
- A observación da práctica non terá como finalidade que o alumnado imite os modelos que se lle presentan, senón a súa análise e a reflexión sobre outras posibles alternativas de acción.
- O alumnado deberá manter unha actitude crítica que lle permita desvelar os supostos implícitos e explícitos sobre os que se sustenta a acción e as posibles consecuencias de tal acción.
- Na medida do posible deberá ofrecérselle ó alumnado unha variedade e diversidade de opcións nas que desenvolver o Practicum.
- Debe existir unha estreita colaboración no deseño e desenvolvemento do Practicum entre as distintas institucións implicadas, establecéndose claramente as funcións e responsabilidade de cada quen.
- Os centros receptores do alumnado estarán comprometidos na formación de futuros mestres e mestras, ofertando a tal fin os recursos humanos e materiais dos que dispoñan.
- Deberá garantirse a existencia de condicións axeitadas para que o alumnado poida desenvolver convenientemente o seu proceso de formación.
- O Practicum I, en 2º curso, pretende ser unha aproximación global ó coñecemento da realidade escolar, como primeiro elemento configurador da práctica profesional dos futuros mestres e mestras. En consecuencia dita materia terá unha orientación común a tódalas especialidades.
- O Practicum II, en 3º curso, oriéntase cara a unha crecente implicación nos procesos desenvolvidos na aula, posibilitando, polo tanto, unha maior autonomía do alumnado. Así mesmo terase en conta a especificidade de cada especialidade no plantexamento do mesmo, afondando no coñecemento da problemática asociada a cada perfil profesional.

2.2.- Finalidades

Diferenciaranse, por unha banda, as finalidades de carácter xeral, e a continuación especificarase a súa concreción atendendo ós tres ámbitos de coñecemento.

2.2.1.- Finalidades de carácter xeral.

- Propiciar unha aprendizaxe profesional artellada a través de procesos de investigación-acción colaborativa e baseada nun proceso cíclico de planificación-acción-reflexión.
- Facilitar os procesos de interacción teórica-práctica de xeito que se estableza unha transferencia de aprendizaxes.
- Favorecer o desenvolvemento profesional e investigador dos futuros/as mestres/as a través do contraste entre as aprendizaxes realizadas na Facultade e na práctica cotiá.
- Coñecer a realidade escolar, mediante unha observación participativa e orientada polos mestres tutores, e reflexionar sobre a mesma.

2.2.2.- Finalidades de carácter específico.

A nivel conceptual:

- Integrar os coñecementos teórico-prácticos na identificación e solución dos problemas que competen ó seu campo profesional.
- Identificar no medio social problemas que se presentan na comunidade escolar e aquelas accións encamiñadas á súa solución.
- Identificar e describi-las funcións do mestre/a como elemento fundamental no desenrolo do proceso educativo e peza clave na consecución das finalidades da Educación Primaria e Infantil.

A nivel de habilidades e destrezas:

- Colaborar na planificación e desenvolvemento das actividades pedagóxicas.
- Coñecer e adaptar os recursos dispoñibles na aula para conseguir os obxectivos educativos.
- Colaborar co profesorado do Centro de prácticas nas labores que caractericen a acción profesional.

A nivel de actitudes:

- Demostrar unha actitude positiva de cara á investigación dos procesos involucrados na súa práctica profesional, á comprobación da efectividade das súas técnicas e á procura de alternativas prácticas que melloren a calidade da docencia.
- Tomar conciencia da necesidade de manter unha actitude interrogativa e investigadora constante, que permita dar resposta ás distintas situacións.

2.3.- Fases

No que se refire ás estratexias formativas, considérase procedente establecer unha secuencia de tres fases:

Fase inicial: Realizada na Facultade e que prepara para o traballo nos Centros receptores.

Fase central: A desenvolver nos Centros receptores e en contacto coa Facultade, na que se realizan seminarios e titorías nas que se facilite o proceso de aprendizaxe do alumnado.

Fase final: Trátase, fundamentalmente, de reflexionar sobre o observado e realizado, comunicar experiencias e avaliar o proceso de formación en tódolos seus compoñentes, unha vez finalizada a realización do Practicum.

2.4.- Actividades

Durante a súa estancia no Centro de prácticas, o alumnado dependerá do profesorado titor da aula e asistirá a tódalas clases e actividades que éste desenrole no Centro. Non obstante, para cumprir, mellorar ou completar a formación do alumnado, o mestre/a poderá cambiar algunhas das sesións polas de outro mestre/a.

2.5.- Avaliación

Respecto da avaliación, será o titor ou titora de cada alumno ou alumna na Facultade, o encargado ou encargada de facer o seguimento, si ben para elo contará coa información facilitada polo mestre/a titor do alumno/a no Centro escolar correspondente.

O proceso de avaliación terá lugar durante todo o período do Prácticum. A avaliación final configurarana tres elementos:

- A avaliación do seguimento feita polo titor ou titora da Facultade.
- A avaliación do seguimento feita polo mestre/a titor/a do Centro de prácticas, tendo en conta as pautas que figuran neste Plan.
- A avaliación da Informe, Unidade Didáctica ou A.C.I., feita polo titor ou titora da Facultade.

Como resultado porase unha calificación con un peso do 50% para o mestre/a titor/a do Centro de prácticas e outro 50% para o titor/a da Facultade.

No *Practicum I*, cando o alumno ou alumna falte mais de tres días ó Centro de prácticas, por causa non xustificada, será calificado con 'suspense' ou 'non presentado'.

No *Practicum II*, cando o alumno ou alumna falte mais de cinco días ó Centro de prácticas, por causa non xustificada, será calificado con 'suspense' ou 'non presentado'.

Cando a falta do alumno ou alumna ó Centro sexa por causa xustificada, se o Centro onde realiza as prácticas o autoriza, realizará con posterioridade os días que lle falten para completar o período de prácticas.

2.5.1.- Garantías e dereitos do alumnado.

- Coñecemento dos criterios de avaliación.
- Coñecemento da avaliación e acceso ós informes do mestre/a titor/a do Centro de prácticas e do titor/a da Facultade.
- Dereito de reclamación á calificación, de acordo ca normativa vixente.
- Coñecemento das tarefas ou actividades, obxecto de recuperación, no seu caso, do Practicum de cada curso.

3.- COMPOÑENTE ORGANIZATIVO E FUNCIÓNS

3.1.- Organización de Practicum

A organización, seguimento e coordinación do Practicum corresponde á Facultade de Ciencias da Educación, que se dotará, para elo, dunha COMISIÓN DO PRACTICUM que responderá das súas actuacións diante da Xunta de Facultade, que será a que aprobará, modificará e velará polo cumprimento do Plan do Practicum.

A estrutura orgánica do Practicum da Titulación de Mestre estará composta polas seguintes entidades:

A- Comisión do Practicum:

O encargo de docencia para esta materia asígnase as seguintes áreas de coñecemento, que teñen responsabilidade docente en materias troncais ou obrigatorias nalgunha das especialidades: Didáctica da Expresión Corporal, Didáctica da Expresión Musical, Didáctica da Expresión Plástica, Didáctica da Lingua e da Literatura, Didáctica das Ciencias Sociais, Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Didáctica e Organización Escolar, Teoría e Historia da Educación, Didáctica das Ciencias Experimentais e Didáctica da Matemática.

Tendo en conta que deberá garantirse a representación das áreas con maior incidencia en cada especialidade, a súa composición será a seguinte:

Presidente/a: O Decano/a da Facultade de Ciencias da Educación, ou Vicedecano/a en quen delegue.

Vocais:

- 1 profesor/a de Didáctica da Expresión Corporal
- 1 profesor/a de Didáctica da Expresión Musical o Didáctica da Expresión Plástica
- 1 profesor/a de Didáctica da Lingua e da Literatura
- 1 profesor/a de Didáctica das Ciencias Sociais
- 1 profesor/a de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
- 1 profesor/a de Didáctica e Organización Escolar
- 1 profesor/a de Teoría e Historia da Educación
- 1 profesor/a de Didáctica das Ciencias Experimentais
- 1 profesor/a de Didáctica da Matemática
- 2 alumnos/os.

Tódolos profesores e profesoras integrantes desta Comisión impartirán docencia na Facultade de Ciencias da Educación, na titulación de Mestre.

Os profesores/as serán elixidos polo respectivo Departamento. O alumnado deberá estar matriculado no Practicum e será elixidos, polos representantes do alumnado nunha Xunta de Facultade.

O alumnado tomará parte en todo o proceso de planificación, control e seguimento do Practicum, agás na avaliación desta materia.

B- Centros de Prácticas:

Serán aqueles Centros de Educación Primaria, Educación Infantil ou Educación Especial, públicos o privados, seleccionados pola Comisión do Practicum para cada especialidade e curso, e que ofrezan as condicións necesarias para a formación do alumnado, de acordo con este Plan do Practicum.

Para facer mais doada a coordinación e a comunicación de información, é conveniente que en cada Centro de prácticas exista un coordinador ou coordinadora do Practicum.

C- Profesorado titor da Facultade de Ciencias da Educación:

Serán aqueles/as docentes da Facultade que sexan designados polo seu Departamento para tales efectos.

O profesorado titor do Practicum I, pola súa característica, terán que pertencer ás áreas de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Didáctica e Organización Escolar ou Teoría e Historia da Educación.

Así mesmo, dentro das posibilidades organizativas da Facultade de Ciencias da Educación, os titores/as do Practicum II da especialidade de Audición e Linguaxe haberán de pertencer á área de Psicoloxía Evolutiva e da Educación e os titores/as do Practicum II da especialidade de Educación Física haberán de pertencer á área de Didáctica da Expresión Corporal.

D- Profesorado titor dos Centros de Prácticas:

Serán aqueles mestres ou mestras dos Centros de prácticas, designados polo seu respectivo Centro, encargados de facer o seguimento e a avaliación do alumnado.

Ó remate do período de prácticas, a Facultade de Ciencias da Educación expedirá unha certificación de participación no Practicum ao profesorado titor dos Centros de prácticas, previo informe do Director do Centro onde se fagan explícitas as horas dedicadas polo profesorado titor.

E- Alumnado:

Neste documento o alumnado refírese ás persoas matriculadas nas asignaturas Practicum I ou Practicum II na titulación de Mestre e na especialidade correspondente.

F- Unidade de Xestión de prácticas:

Será unha comisión delegada da Comisión do Practicum. A súa composición será a seguinte:

- Decano/a ou persoa en quen delegue.
- Cinco profesores/as da Comisión do Practicum.

3.2.- Funcións dos compoñentes do Practicum

A- Sobre a Comisión do Practicum:

- Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación ou modificación, o Plano do Practicum.
- Garantir a coherencia entre os contidos teóricos das materias e as prácticas.
- Organizar as sesións previas á realización das prácticas.
- Recolle-las avaliacións do alumnado e asina-las actas.
- Recoller as suxestións dos membros implicados nas prácticas.
- Velar polo seguimento dos principios do Plan do Practicum que se desenvolve.
- Revisar os instrumentos elaborados para o bo funcionamento do Practicum.
- Solucionar os conflitos que xurdan na estrutura organizativa do Practicum.
- Determinar os criterios para a selección dos Centros de prácticas.
- Determinar os Centros de prácticas para cada especialidade e curso con anterioridade á iniciación das actividades académicas en cada curso.
- Presentar o Practicum ó alumnado.
- Asignar a cada alumno/a o profesor/a tutor/a da Facultade e o Centro de prácticas.
- Xestionar os medios materiais e económicos necesarios para o normal desenvolvemento do Practicum.
- Fixar para cada curso académico as datas de realización das prácticas, no Practicum I e no Practicum II.

B- Sobre o Profesorado tutor da Facultade de Ciencias da Educación:

- Asumir e colaborar no desenvolvemento do Practicum.
- Tutorizar e orientar ó alumnado a el ou ela asignado.
- Colaborar na organización e facer o seguimento das prácticas a desenvolver nos Centros de prácticas, xuntamente co profesorado tutor deses Centros.
- Establece-las reunións oportunas co profesorado tutor dos Centros de prácticas.
- Realiza-las visitas a ditos Centros que considere oportunas.
- Realiza-la avaliación dos seus tutorandos/as segundo as características recollidas no presente Plan do Practicum.
- Poñer en coñecemento da Comisión do Practicum calquera información que se considere relevante.

C- Sobre o Profesorado tutor dos Centros de prácticas:

- Participar no deseño e desenvolvemento das prácticas do alumnado que teña ó seu cargo e manter contactos cos profesores/as tutores/as correspondentes da Facultade.
- Facilitar o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado.
- Avaliar as prácticas do alumnado ó seu cargo. A tal efecto presentarán ó remate delas un informe de cada alumno ou alumna no que se recollerán os aspectos máis salientables de dita experiencia formativa.

D- Sobre o Alumnado:

Está vinculado á Comisión do Practicum, ós profesorado titor da Facultade de Ciencias da Educación e ó profesorado titor dos Centros de prácticas, tendo como marco para esa vinculación:

- O Plano de Practicum.
- A normativa dos Centros de prácticas.

O seu horario será o dun mestre/a con adicación exclusiva. O recreo e demais actividades que organice o Centro de prácticas forman parte do horario.

Poderá participar na elección do Centro de prácticas, segundo a especialidade cursada.

E- Sobre a Unidade de xestión:

- Establecer os mecanismos para coñecer e contactar cos Centros de Educación Primaria, Educación Infantil ou Educación Especial, onde o alumnado poida realizar as prácticas.
- Contactar cos Centros de Educación Primaria, Educación Infantil ou Educación Especial, onde o alumnado realice as prácticas.
- Elaborar e xestionar unha base de datos dos Centros de prácticas e daqueles susceptibles de selo.

4.- PRACTICUM I**4.1.- Finalidades**

Ademais das xa citadas no punto 2.2., débense engadir as seguintes:

- Coñecemento da organización e proxecto educativo do Centro.
- Análise e identificación dos procesos de ensino-aprendizaxe desenrolados na aula.
- Colaborar co profesorado correspondente nalgunha actividade escolar, dentro dun traballo planificado.
- Participar en acción puntuais dirixidas e seleccionadas polo profesorado titor.

4.2.- Temporalización

Atendendo ás fases sinaladas no punto 2.3., concretarase a distribución temporal e as actividades a desenvolver en cada unha de elas:

Fase inicial:

- Lugar: Facultade de Ciencias da Educación.
- Tempo de adicación: 4 horas, distribuídas do seguinte xeito:
 - Sesión informativa, a todo o alumnado:
 - o Comentar e precisar o Plan do Practicum.
 - o Informar sobre o traballo a desenrolar polo alumnado.
 - o Comentar os criterios de avaliación.

- Sesión organizativa-orientativa, en grupos pequenos.

Antes do inicio das prácticas o profesorado titor da Facultade coñecerán cales son os Centros de prácticas dos seus tutorandos/as.

Fase central:

- Lugar: Centro de prácticas / Facultade de Ciencias da Educación.
- Tempo de adicación:
 - a) 50 horas nos Centros de prácticas, que a razón de 5 horas diarias corresponderán a 10 días, que se organizarán en función das necesidades do centro e das actividades a desenvolver.
 - b) 4 horas en seminarios, a distribuír ó longo deste período, de xeito que se garanta a atención e seguimento do alumnado.

Fase final:

- Lugar: Facultade de Ciencias da Educación.
- Tempo de adicación: 2 horas a desenvolver despois de rematar o período de prácticas, co profesor/a titor/a correspondente, para a avaliación e reflexión de todo o proceso.

4.3.- Actividades

a) Respecto o marco físico:

- Coñecemento de dependencias, instalacións, recursos, necesidades e problemas na súa posible solución e súa utilización.
- Informarse sobre as necesidades e problemas no uso das instalacións (laboratorio, comedor, ximnasio, biblioteca, sala de recursos,..)

b) Respecto o funcionamento e organización:

- Organigrama xeral do Centro (director/a, vicedirector/a, secretario/a, xefe/a de estudos, organización do profesorado e alumnado, organización de nais e pais, consello escolar,..)
- Asistir a reunións de ciclo e de nivel (qué problemas se tratan, que finalidades teñen as reunións,..) e sesións de avaliación.
- Coñecer os documentos básicos da Educación Primaria ou Infantil (incluso saber cómo se cumprimentan).

c) Respecto os Plans, Proxectos e experiencias:

- Facilitar, se se dispón, o traballo de recollida de información sobre Proxectos, Planos e experiencias (descrición, fases de realización, profesorado e alumnado implicado, dotación de medios, principais problemas, perspectivas para o futuro,..).

d) Respecto a actividade docente na aula:

- Comentar co mestre/a titor/a os obxectivos, contidos e actividades que serán abordados durante o período de prácticas. Coñecer como se aborda no Centro a problemática do alumnado con necesidades especiais.
- Comentar co mestre/a titor/a as características sociais familiares do alumnado do Centro.

- Falar co mestre/a titor/a sobre a problemática específica da aula, as características do alumnado, a distribución horaria das materias, a importancia das mesmas, as normas de funcionamento e organización da aula, os condicionantes e limitacións da mesma, o material didáctico que se utilice, o papel das técnicas instrumentais, o curriculum, as estratexias metodolóxicas.
- Colaborar co mestre/a titor/a nas distintas actividades da aula (iniciar unha sesión, realizar unha actividade de recreo, axudar ó alumnado con problemas, debater un tema na aula, elaborar material didáctico que axude a tomar contacto co alumnado e coñecelo -individualmente e como grupo-).

4.4.- Avaliación

Correrá a cargo do profesorado titor da Facultade, coordinados pola Comisión do Practicum.

A calificación do Practicum terá dous compoñentes:

1.- A avaliación emitida polo mestre/a titor/a do Centro de prácticas, que terá un peso do 50%. A avaliación se fará contemplando os seguintes aspectos:

- Actitude e esforzo.
- Asistencia
- Integración no centro.
- Interese por coñecer e entende-las características organizativas do centro e da aula.

2.- A valoración que realizará o titor/a da Facultade sobre o informe do alumno/a, que terá o peso do outro 50%.

O contido do informe observará principalmente os diferentes aspectos contidos nas pautas de observación, anexas a este Plan do Practicum. Valorarase especialmente a capacidade interpretativa máis que descritiva.

5.- PRACTICUM II. ESPECIALIDADE DE AUDICIÓN E LINGUAXE

5.1.- Finalidades

Ademais das xa citadas no punto 2.2., débense engadir as seguintes:

- Afondar no coñecemento do Centro.
- Implicación activa no proceso de ensino/aprendizaxe, colaborando co mestre/a titor/a, nas tarefas que caracterizan a acción profesional.
- Analizar e valorar as interrelacións do Centro co seu entorno.
- Participar e colaborar co mestre/a titor/a no apoio educativo ó alumnado con problemas de audición e linguaxe integrados na aula ordinaria.
- Colaborar e participar co mestre/a titor/a na planificación e organización de tarefas e actividades dirixidas fundamentalmente ó alumnado con problemas específicos de audición e linguaxe, e tamén a todo aquel alumnado con necesidades educativas especiais que presenten problemas dese tipo.
- Elaborar e aplicar unha Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.) dirixida a un/unha alumno/a con problemas de audición e/ou linguaxe.

5.2.- Temporalización

Fase inicial:

Se reservará un día para reunirse co Profesorado titor do Centro. Se lles explicará ó alumnado os pormenores do conxunto do Plan do Prácticum e as características da Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.) a desenvolver que entregarán con posterioridade ao seu período de Prácticas. Elaborarase un calendario de reunións.

Fase de seguimento:

- Correrá a cargo dos Profesores Titores da Facultade de Ciencias da Educación, coordinados pola Comisión do Practicum.
- O seguimento será sempre fundamentalmente colectivo, en sesións de traballo, na Facultade de Ciencias da Educación, co titor ou turra correspondente.
- Existirán reunións periódicas co alumnado e, en calquera caso, alomenos tres.
- Realizaranse dúas visitas do profesor titor ou profesora titora da Facultade ó Centro de practicas do seu tutorando/a co obxectivo de realizar o seguimento da súa actividade.

5.3. Actividades

As actividades estarán guiadas polas seguintes liñas:

a) Respecto ó Centro:

- Coñece-lo proxecto educativo e curricular do Centro, especialmente nos aspectos de concreción individualizada e de adaptacións curriculares que precise o alumnado con problemas de audición e linguaxe.
- Coñece-los posibles recursos persoais e materiais existentes no Centro destinados ós alumnos con problemas de audición e linguaxe.

b) Respecto ó traballo co mestre titor ou mestra titora:

- Coñece-la planificación do curso e como aparecen contempladas na mesma as posibles necesidades especiais.
- Coñece-las posibles Adaptacións Curriculares Individualizadas (A.C.I.) destinadas a alumnado con problemas de audición e linguaxe.
- Coñecer e colaborar co mestre/a titor/a no establecemento da metodoloxía e avaliación a seguir con alumnado con problemas de audición e linguaxe.

c) Respecto á observación da aula (ordinaria e de educación especial):

- Observar a organización da aula (espacio, tempo, materiais).
- Reflexionar sobre cómo se planifica o proceso de ensino/aprendizaxe nunha temática determinada ou nunha actividade.
- Observar como se desenvolve o traballo co alumnado con problemas de audición e linguaxe.
- Observar o progreso do alumnado con problemas de audición e linguaxe.

d) Respecto á implicación activa no proceso de ensino/aprendizaxe:

- Cooperar co mestre/a titor/a no traballo de apoio e reforzo con certo alumnado con problemas na adquisición dos aprendizaxes básicos.
- Participar e implicarse activamente na aplicación, por parte do mestre titor, de métodos específicos para a adquisición de determinados aprendizaxes en algúns alumnos con dificultades nos mesmos.
- Colaborar co mestre/a titor/a na utilización de certos recursos e materiais didácticos destinados ó alumnado que presenta problemas de audición e linguaxe.
- Diseñar un plan de actuación para varias sesións.
- Posteriormente farase unha reflexión sobre a súa actuación, problemas encontrados... etc. para reflecti-los na súa Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.) que debe levar a cabo e presentar.

Suxírese que, na medida do posible, o alumnado sexa tutorizado polo profesorado especialista en Audición e Linguaxe, ou polo profesorado especialista en Educación Especial. Así mesmo, é aconsellable que o alumnado poida desenvolver o seu traballo na aula ordinaria e na aula de educación especial.

5.4.- Avaliación

A calificación final do Practicum II terá dúas compoñentes:

1.- A valoración emitida polo Centro respectivo, que terá un peso dun 50 % nesta avaliación final. Para facilitar esta avaliación, a Comisión do Practicum propondrá ós Centros unhas suxestións de avaliación. As calificacións serán emitidas polo titor ou titora, de forma numérica na acta subministrada pola Facultade de Ciencias da Educación.

2.- A valoración do titor ou titora da Facultade de Ciencias da Educación, que terá un peso dun 50%. Esta calificación resultará da conxunción de dous aspectos:

A/ Elaboración e aplicación dunha Adaptación Curricular Individualizada (A.C.I.), na que se contemplan os seguintes elementos:

- (a) Avaliación do alumno/a e do contexto de aprendizaxe, na que se inclúa información sobre o nivel de aprendizaxe e desenvolvemento do alumno ou alumna así como a explicación do seu estado actual xunto coas posibles causas que orixinaron as dificultades que presenta;
- (b) Prioridades básicas, que deben levarse a cabo no proceso educativo do alumno/a, derivadas da avaliación realizada na fase anterior;
- (c) Proposta curricular específica dirixida ó alumno ou alumna durante un determinado tempo, en función das decisións tomadas na fase anterior. Trátase, neste caso, da guía concreta do traballo escolar cotián co alumno; e
- (d) Criterios e procedementos de avaliación das adaptacións propostas e a evolución do alumno ou alumna, que poden orientarnos respecto á toma de decisións sobre a promoción do/a alumno/a nos sucesivos niveis do ensino, posibles apoios dentro e fora da aula, e posibles modificacións no tempo de asistencia á aula de educación especial e á aula ordinaria.

B/ Reflexión crítica sobre a elaboración e posta en práctica da A.C.I.

A Comisión do Practicum recollerá ámbalas dúas avaliacións, fará a media correspondente, fará públicas as calificacións, resolverá as reclamacións que se presenten, e firmará as actas. Se calquera das dúas avaliacións fora inferior a 4, o alumno ou alumna suspenderá o Practicum II.